



.....

Xornada en liña

Pobo xitano: por unha sociedade máis igualitaria II

.....

Xoves, 8 de abril de 2021



“A Ignorancia sobre o pobo xitano e sobre a súa historia e a súa cultura é a verdadeira causa dos prexuízos que, por desgraza, aínda condicionan a mentalidade de moita xente”.

Manuel Rivas, escritor

No mundo calcúlase que viven uns 20 millóns de persoas xitanas ou romanís. Son cifras orientativas, xa que apenas existen estatísticas rigorosas ao respecto.

En Europa fálase duns 12 millóns de persoas, unha minoría cunha orixe común, que mantén uns trazos e valores culturais propios e que ao mesmo tempo é diversa, heteroxénea e con grandes diferenzas segundo os territorios onde habita e a súa particular traxectoria histórica e cultural. É a principal minoría étnica europea.

En España estímase que máis de 750.000 españois son xitanos e xitanas, arredor do 40 % son andaluces. En Galicia tan só residen unhas 13.000 persoas xitanas, o 2,7 % da poboación gitana española.

O pobo xitano mantén un rico patrimonio cultural e unha identidade, valores e costumes que os Estados deben coidar e protexer. As súas influencias na cultura universal estiveron, están e estarán presentes sempre, sobre todo a través do flamenco, que contribuíu á internacionalización da cultura española en todo o mundo.

Imaxe da portada: Fundación Secretariado Gitano, cedida por cortesía de Ana Palma

Día Internacional do Pobo Xitano

Despois da xornada do 16 de novembro de 2020, que nos achegou á cultura xitana da man de Carlos Giménez Romero, este novo encontro ten lugar no marco do Día Internacional do Pobo Xitano, que se celebra cada 8 de abril para lembrar o I Congreso Mundial roma/xitano realizado en Londres en 1971. En 2021 cúmprese, por tanto, o 50º aniversario daquel Congreso Mundial no que se instituíron a bandeira e o himno xitanos.

Por outra banda, hai máis dun ano que comezou a crise social e humanitaria que xerou a COVID-19. Para a comunidade xitana, os maiores son un valor incalculable e desafortunadamente a pandemia xerou non só que moitas familias perdesen os seus seres queridos (en moitos casos sen poder sequer despedirse), senón tamén que aínda hoxe a distancia social e outras medidas de prevención manteñan moitas familias afastadas dos seus maiores.

Neste contexto, quixemos aproveitar a conmemoración do 8 de abril para facer fincapé en tres ideas forza: conmemoramos o Día Internacional do Pobo Xitano facendo unha homenaxe aos maiores; lembramos o seu papel relevante na cultura xitana en momentos tan difíciles coma os actuais, nos que foron os principais afectados; e recoñecemos o valor do respecto e coidado dos maiores, tan propios da súa cultura, como nexo de unión entre a sociedade maioritaria e os xitanos. E, a maiores, contribuímos a poñer en valor o 50º aniversario do Iº Congreso Mundial Xitano.

Agardamos que este recoñecemento institucional dos símbolos e a identidade dunha comunidade cunha historia e unha cultura de seu, feito polo Consello da Cultura Galega e a Valedora do Pobo, en colaboración co Secretariado do Pobo Xitano, contribúa a cambiar a visión que se ten sobre o pobo xitano e ao frecer unha nova mirada, máis realista e xusta, que combata estereotipos e prexuízos arraigados na nosa sociedade. Trátase de construír unha convivencia máis intercultural e diversa, que promova a igualdade de dereitos de todos os cidadás e desterre a discriminación.

Programa

Presentación da Xornada

- **Rosario Álvarez Blanco.** Presidenta do Consello da Cultura Galega
- **María Dolores Fernández Galiño.** Valedora do Pobo
- **Eva Vera Ledo.** Directora da Fundación Secretariado Gitano en Galicia

Mesa de experiencias e testemuñas e coloquio

Modera: **Fernando Montoya Silva.** Fundación Secretariado Gitano

- *A cultura xitana no imaxinario colectivo*

Ana M^a Segovia Montoya. Xornalista, actualmente é a directora do Departamento de Comunicación da Fundación Secretariado Gitano en Madrid

- *A relevancia da participación nos procesos de inclusión social das culturas minoritarias*

David Gabarri Baña. Estudante do Grao de Educación Social na Universidade da Coruña, traballador da Fundación Secretariado Gitano na Coruña e integrante do Grupo Estatal de Participación da FSG

- **Manuela Díaz Hernández.** Muller loitadora que traballou toda a súa vida e segue traballando nos mercados ambulantes

Sonia Suárez Suárez. Graduada en Traballo Social na Universidade de Vigo e monitora de Apoio e Integración a persoas con discapacidade

Programa



Ana M^a Segovia Montoya

Xornalista, traballa na área de comunicación da Fundación Secretariado Gitano desde 2014 e é directora desde o presente 2021. Experta en comunicación institucional e política e en dereitos humanos. Entre as súas funcións principais está a de divulgar os programas da entidade como portavoz, en distintos espazos e plataformas, así como contribuír a mellorar a mala imaxe social que se difunde da comunidade xitana nos medios de comunicación.

David Gabarri Baña

Actualmente cursa o Grao de Educación Social na Universidade da Coruña, que compaxina co traballo de orientador laboral no equipo da Fundación Secretariado Gitano da cidade. Foi “embaixador da educación”, referente para outros nenos e nenas xitanas a nivel educativo. Dende o ano 2018 é membro do Grupo Estatal de Participación da Fundación Secretariado Gitano, espazo de formación e empoderamento de mozos e mozas xitanas que promove a súa implicación tanto en espazos sociais como políticos.

Manuela Díaz Hernández

Muller loitadora que traballou toda a súa vida e segue traballando nos mercados ambulantes. Nai de seis mulleres e aboa de trece netos/as. Adiantada ao seu tempo e respectuosa coas tradicións pois segundo as súas propias palabras “non é incompatible”.

Sonia Suárez Suárez

Graduada en Traballo Social na Universidade de Vigo e monitora de apoio e integración a persoas con discapacidade. Actualmente traballa como técnica de animación sociocultural nunha residencia de maiores e colabora como voluntaria na Fundación Secretariado Gitano de Ourense nos programas de educación e igualdade.

Organiza

Consello da Cultura Galega
Valedora do Pobo
Fundación Secretariado Gitano

Participa

A actividade non será presencial.
Os contidos estarán dispoñibles no noso web e na nosa canle en Youtube nas horas indicadas e logo permanecerán na Mediateca para consultas futuras.
Non é necesaria inscrición previa.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>



Organiza:

